JOSE RAMON ROMERO GARCIA (1 para 2)
Alcalde
Data de Sinatura: 11/11/2026
HASH: 4705b4759d2619c6432b37e5b8aeff7a

Fernando Ríos Míguez (2 para 2)
Secretario
Data de Sinatura: 11/11/2026
HASH: 9e6a81ab8f550c4f938e32e10a87053

RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Expediente 5076/2026

Asunto: Bases selección Xuíz/Xuíza de Paz Titular

Con data de 30 de setembro de 2026 recíbese comunicación do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia para que polo Concello de Boiro se proceda a iniciar expediente para a elección de Xuíz/Xuíza de Paz Titular.

Vistos os artigos 101 a 103 da Lei 6/1985 de 1 de xullo do Poder Xudicial (BOE núm. 157, do 2 de xullo de 1985); e o acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial do 7 de xuño de 1995, polo que se aproba o Regulamento 3/1995, dos Xuíces de Paz, e demais lexislación concordante,

RESOLVO:

Primeiro.- Aprobar as bases reguladoras da convocatoria para a elección de Xuíz/Xuiza de Paz Titular do municipio de Boiro de acordo co contido que se recolle ó final desta resolución.

Segundo.- Procédase a publicar anuncio de la convocatoria en el BOP e mediante editos no taboleiro de anuncios do concello, no Tribunal de Santa Uxía de Ribeira e no propio Xulgado de Paz de Boiro.

BASES REGULADORAS DA CONVOCATORIA PARA A ELECCIÓN DE XUÍZ DE PAZ TITULAR DO MUNICIPIO DE BOIRO QUE SON AS SEGUINTES:

En cumprimento do establecido no artigo 5.1 do Regulamento número 3/1995, do 7 de xuño, dos Xuíces de Paz, aprobado por acordo do Consello Xeral do Poder Xudicial do 7 de xuño de 1995, pola presente, acordase iniciar o expediente para a elección do cargo de Xuíz/Xuíza de Paz titular do Concello de Boiro, segundo as bases seguintes:

PRIMEIRA- Obxecto da convocatoria: É obxecto da presente convocatoria pública, a provisión da praza vacante de Xuíz/Xuíza de Paz Titular, polo sistema de libre elección, daquel/a candidato/a que o Pleno do Concello de Boiro considere idóneo/a para o desempeño do posto.

SEGUNDA. Requisitos das persoas aspirantes. Poderán participar aquelas persoas de nacionalidade española, maiores de idade, que ainda non sendo licenciadas ou graduadas en Dereito, reúnan os requisitos establecidos na Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xuño, do Poder Xudicial para o ingreso na carreira xudicial, agás os derivados da xubilación por idade, sempre que esta non supoña impedimento físico ou psíquico para o cargo.

Asimesmo non poderán estar incursas en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade previstas para o desempeño das funcións xudiciais, a excepción da adicación á docencia ou á investigación xurídica ou ao exercizo de actividades mercantís que non impliquen asesoramento xurídico de ningún tipo e que, pola súa natureza, non sexan susceptibles de impedir ou menoscabar a súa imparcialidade ou independencia nin poidan interferir no estrito cumprimento dos deberes xudiciais.

DECRETO
Número: 2026-1692 Data: 11/11/2026

Cod. Validación: 5ZXE5A5GPLC49LXK4KHGRP966
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 1 a 3

Específicamente de conformidade co previsto no artigo 303 da Lei Orgánica 6/1985, do 1 de xullo, do Poder Xudicial estarán incapacitadas as persoas impedidas física ou psiquicamente para a función xudicial; as condeadas por delito doloso mentras non obtiveran a rehabilitación; as procesadas ou inculpadas por delito doloso en tanto non sexan absoltas ou se dite auto de sobresemento, e as que non estean no pleno exercizo dos seus dereitos civís.

Non obstante cando na persoa elexida polo concello concorrese alguna causa de incompatibilidade, poderá a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia proceder ao seu nomeamento se a proposta reúne os requistos legais de capacidade, concedéndolle o prazo de oito días para que acredite o cese no exercizo da actividade incompatible.

TERCEIRA.- Deber de residencia. O/A Xuíz/Xuíza de Paz deberá residir no Concello de Boiro. Non obstante a Sala de Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia poderá autorizar por causas xustificadas a residencia en lugar distinto, sempre que sexa compatible co exacto cumprimento dos deberes propios do cargo.

CUARTA.- Solicitudes.- Cumprimentaranse dacordo co modelo establecido no anexo I destas bases, achegando a documentación sinalada nel, e presentarase no rexistro xeral do concello (Praza de Galicia, s/n, Boiro C.P. 15930 - A Coruña) ou por calesquera dos medios establecidos no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, no prazo de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

QUINTA.- Admisión de aspirantes.- Rematado o prazo o alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de persoas admitidas e excluidas, que se publicará no taboleiro de anuncios do concello, concedendo un prazo de 5 días hábiles para a presentación de reclamacións. No caso de que non houbera exclusións continuarase coa tramitación do expediente.

SEXTA.- Selección, nomeamento e toma de posesión. O/A Xuíz/Xuíza de Paz será elixido/a polo Pleno do Concello, co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que, reunindo as condicións legais, así o soliciten. Se non houbera solicitante, o Pleno elixirá libremente con suxección ós mesmos requisitos de procedemento.

ANEXO I

I. DATOS PERSOAIS.

APELIDOS:		NOME:	
N.I.F:	DOMICILIO (a efectos de notificacións):		
C.P.:	MUNICIPIO:	PROVINCIA:	TELÉFONO:

II. DATOS PROFESIONAIS.

DECRETO Número: 2026-1692 Data: 11/11/2026

Cod. Validación: 5ZXE5A5GPLC49LXK4KHGRP966
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 3

Titulación:

O/A abaixo asinante, con residencia no Concello de …… , solicito participar na convocatoria pública publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña de data ……., para a provisión da praza vacante de Xuíz/Xuíza de Paz do Concello de Boiro polo sistema de libre elección, para o que acompaño a siguiente documentación (sinalar cun x a documentación achegada):

	Copia do DNI
	Copia da titulación académica
	Méritos alegados, con indicación da profesión e actividades que realiza
	Certificado de antecedentes penais ou autorización para consultar os datos no Rexistro Central de Penados.

Asimismo declaro que non estou incurso/a en ningunha das causas de incapacidade ou de incompatibilidade previstas para o desempeño das funciones xudiciais sinaladas na base segunda. (Indicar se é o caso, a circunstancia descrita no parágrafo 4º da base segunda).

En …..... a …… de …… de 2026.

Sinatura…….

Sr. Alcalde do Concello de Boiro.

Boiro, na data que consta na marxe deste documento.

O alcalde.
O secretario, que da fe.

DECRETO
Número: 2026-1692 Data: 11/11/2026

Cod. Validación: 5ZXE5A5GPLC49LXK4KHGRP966
Corrección: https://boiro.sedelectronica.gal/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 3